



## Segunda Convocatoria bolsas Erasmus + para CICLOS MEDIOS 2016/2017

Nigrán, 1 de Xuño de 2017

### Obxecto da convocatoria

A presente convocatoria ten por obxecto fomentar que os estudantes dos ciclos formativos de grao medio de Sistemas de Telecomunicación e Informáticos e de Xestión Administrativa do IES Escolas Proval realicen unha mobilidade a unha empresa europea co gallo de mellorar o seu desenvolvemento persoal, profesional e lingüístico.

### Número de bolsas Erasmus +

-Proxecto Erasmus + Convocatoria 2015 (2015-1-ES01-KA102-014500)

O número de bolsas é de:

- 3 para alumnos do ciclo formativo de grao medio de Sistemas de Telecomunicación e Informáticos
- 2 para alumnos do ciclo formativo de grao medio de Xestión Administrativa

As bolsas son para a realización do módulo de FCT nunha empresa europea ou para facer prácticas voluntarias en empresas os alumnos recentemente titulados ou os alumnos que estean cursando Ciclo Medio de FP. Terán preferencia os alumnos que vaian a facer o módulo de FCT.

A duración mínima de cada mobilidade é de 14 días. As mobilidades deberán finalizarse, como moi tarde, o 31 de Agosto de 2017.

### Prazo de presentación de solicitudes

A solicitude da bolsa para a presente convocatoria poderá presentarse polos interesados ata o 13 de Xuño de 2017 inclusive.

### Formalización de solicitudes e documentación

O formulario de inscrición pode descargarse da páxina web do centro en Programas Europeos / Erasmus + / Ciclos Formativos de Grao Medio

A solicitude debe entregarse na secretaría do IES Escolas Proval no prazo establecido.



A Coordinadora de Proxectos Europeos